

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Xen 18, 1-10a

Señor, non pases sen te deteres onda o teu servo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA XÉNESE

Daquela o Señor apareceuse na carballeira de Mambré a Abraham, estando este sentado á entrada da súa tenda, nas horas da calor. Abraham ergueu os ollos e viu tres homes de pé diante del. En véndoos, correu ao seu encontro, desde a entrada da tenda, e prostrouse, dicindo:

- "Meu Señor, se merezo o teu favor, non pases sen te deteres onda o teu servo. Farei traer unha pouca auga, bañaredes os pés e descansaredes baixo a árbore. Coa mesma e xa que pasades por onda o voso servo, traerei un anaco de pan. Repararedes con el as forzas, para logo seguides camiño".

Responderon eles:

- "Está ben. Fai como dis".

Abraham correu á tenda onda Sara, para lle dicir:

- "Trae tres cuncas de flor de fariña, axiña: amásaa, e prepara unha bica".

E el foi correndo ao cortello, colleu o vitelo máis tenro e mellor, e deullo a un criado, para que o guisase ao momento. Despois, co vitelo guisado, colleu manteiga e leite, e servíulles. Mentres eles comían, el estaba ao seu lado baixo a árbore.

Nisto eles preguntáronlle:

- "Onde está Sara, túa muller?"

El respondeu:

- "Aí dentro, na tenda".

E un deles engadiu:

- "Volverei verte para o ano, e entón Sara a túa muller, terá un fillo".

SALMO RESPONSORIAL Sal 14, 2-3ab. 3cd-4ab. 5

R/ (1a): Quen, Señor, se hospedará na túa tenda?

Aquel que anda rectamente e practica a xustiza:
que ten sinceridade no corazón
e non calumnia coa súa lingua;

O que non lle fai mal ao veciño
e non difama ao seu próximo;
o que estima desprezable ao malvado
e apreza aos que temen ao Señor;

O que non presta con usura o seu diñeiro
e non se deixa subornar contra o inocente.

SEGUNDA Col 1, 24-28

O misterio oculto de séculos, pero agora manifestado aos santos

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS COLOSENSES**

Irmáns e irmás:

Agora alégrome do que teño que padecer por vós; así completo na miña carne o que lles falta ás penalidades de Cristo polo seu corpo, que é a Igrexa. Desta Igrexa fíxoseme servidor cando Deus me encomendou para o voso ben esta misión: predicar cumpridamente a palabra de Deus, ese misterio escondido desde séculos e xeracións, pero que agora se manifesta ao seu pobo santo. A este pobo quíxolle Deus amosar a espléndida riqueza que representa para os pagáns este segredo: ¡que Cristo, a gloria esperada, tamén é para vós! El é a quen nós anunciamos, aconsellando a todos, adoutrinándoos o mellor que sabemos para facer cristiáns coma é debido.

ALELUIA Cf Lc 8, 15:

Ditosos os que gardan a palabra de Deus en corazón recto e bo
e con paciencia aportan o seu froito

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 10, 38-42

Marta acolleuno. María escolleu a mellor parte

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, cando ían de camiño, entrou Xesús en certa aldea, e unha muller chamada Marta acolleuno na súa casa. Esta tiña unha irmá chamada María, que sentada aos pés do Señor, escoitaba as súas palabras. Marta, en troques, estaba moi apurada co labor da casa; e achegándose a el, díxolle:

- Señor, non che importa que a miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man.

Pero o Señor respondeulle:

- Marta, Marta, preocupaste e desacógaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar.